

DÍA MUNDIAL DA SIDA 2022

Mañá, 1 de decembro, conmemórase o Día Mundial da SIDA, e dende a Unidade Asistencial de Drogodependencias de Burela, realízase un ano máis a campaña de concienciación e prevención.

Con un calendario de parede preténdese recordar cada día a necesidade de tomar medidas de prevención. Este ano a gañadora do debuxo protagonista no calendario é a alumna do IES Perdouro Shiva Eliska Alinda Nurhakim. Mañá, día 1, ás 11,30 entregaráselle a ela e aos outros dous finalistas, o premio do certame de debuxo que organiza a UAD do Concello de Burela.

Este calendario será distribuído por los centros sanitarios, sociáis e educativos de todo o Concello.

Ademáis, nos dous institutos levarase a cabo a distribución de material con información sobre as Infeccións de Transmisión Sexual a todos os alumnos de xeito personalizado, así como sobre as probas rápidas de detección de VIH e HC.

Agradecemos difusión desta actividade, pola importancia que está a ter na sociedade en xeral.